

EIXES TRANSVERSAIS

EIXO DE ACCIÓN 1

EDUCACIÓN



OBXECTIVO OPERATIVO 1

Dotar aos centros educativos dos recursos e materiais necesarios para o bo desenvolvemento das actuacións e actividades relacionadas coa mocidade e o seu desenvolvemento

Medida 1: Plan de mellora de bibliotecas escolares

D.X. de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Beneficiarios: 504 centros (66.000 participantes).

Tipo actividade: Outras (Actualización e ampliación de equipamentos).

Obxectivos acadados: Impulso no desenvolvemento de proxectos de bibliotecas escolares:

- Organización, actualización e dinamización da biblioteca de centro.
- Contribución á mellora dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas do alumnado.
- Integración da cultura impresa e a cultura dixital.
- Realización de actividades de formación de persoas usuarias das bibliotecas e os seus recursos.
- Deseño e desenvolvemento de programas para adquisición da competencias informacionais, tratamento e produción nos diferentes soportes e formatos.
- Fomento da lectura.
- Implicación da biblioteca en actividades de extensión cultural.



**Medida 2: Incentivos a clubs de lectura en centros de ensino secundario**

D.X. de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)



Beneficiarios: 222 (5.500 participantes).

Tipo actividade: Outras (Actualización e ampliación de equipamentos).

Obxectivos acadados: A consolidación de hábitos de lectores, así como, a mellora da comprensión e das habilidades lectoras.

OBXECTIVO OPERATIVO 2

Apoiar a mobilidade, no eido autonómico, estatal e internacional, da mocidade que cursa ensinanzas universitarias e non universitarias para poder completar a súa formación e experiencia.

Medida 1: Bolsas de formación en cooperación ao desenvolvemento

D.X. de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 12.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A formación de titulados/as universitarios/as en materia de cooperación para o desenvolvemento. Os destinos das bolsas son a sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, as oficinas técnicas de cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento ou algunha organización internacional multilateral, nalgún dos países onde desenvolven os seus proxectos.

**Medida 4: Axudas para estadias en países da UE para coñecer a súa lingua**

S. X. de Universidades (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 91.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: O coñecemento dunha lingua estranxeira, a través de axudas para estudantes universitarios para estadias nalgún dos estados membro da Unión Europea.

Medida 6: Axudas complementarias Erasmus

S. X. de Universidades (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación)

Persoas beneficiarias: 1490.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A mobilidade estudantil do alumnado universitario galego que participan no programa de mobilidade Erasmus e Suíza.

Medida 7: Plan de transporte metropolitano

D.X. de Mobilidade (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Tipo de actividades: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A mobilidade e accesibilidade as áreas metropolitanas, facilitando o acceso ao servizo de transporte público colectivo. Esta medida está implantada nas áreas de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo.



**Medida 9: Bolsas a universitarios que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios**

S.X. de Universidades (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 196.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A mobilidade de estudantes do sistema Universitario de Galicia ou centros asociados da UNED en programas de intercambio con países extracomunitarios, reforzando a aprendizaxe mutua, o traballo en cooperación, así como, as experiencias e os coñecementos compartidos e a mellora das competencias lingüísticas e profesionais.

Medida
Nova**Medida 10: Axudas para a realización de estudos universitarios nas universidades do SUG**

S.X. de Universidades (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 196

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: O apoio á realización de estudos universitarios para a obtención de títulos oficiais de grao ou ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

Medida
Nova**Medida 11: Visitas a Fundación Galicia Europa**

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 25 (grupo de persoas voluntarias da ONGD Solidariedade Internacional Galicia) + 4 (alumnado do máster da Universidade de A Coruña “Estudos da Unión Europea”).

Tipo de actividades: Actividades.

Obxectivos acadados: A formación e sensibilización sobre asuntos europeos que leva a cabo en Galicia a Fundación Galicia Europa.

Medida
Nova**Medida 12: Semana Día de Europa: Charla no IES Luís Seoane**

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 50.

Tipo de actividades: Actividades.

Obxectivos acadados: A formación e sensibilización sobre a Unión Europea entre a mocidade galega, para elo fíxose unha presentación interactiva sobre o que é a Unión Europea, como funciona e por que é importante para a mocidade galega e a realización de actividades lúdicas.

**OBXECTIVO OPERATIVO 3**

Facilitar a formación, intercambio de experiencias e actividades de lecer entre a mocidade galega residente no exterior e/ou descendente de galegos

Medida 1: Bolsas destinadas á cidadanía galega residente no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en Galicia

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 6.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A formación de estudantes galegos ou fillos/as de emigrantes no eido cultural e educativo galego, a través do apoio a mobilidade e contribuíndo ao desenvolvemento persoal a través dos estudos de formación profesional de grao superior.

Medida 2: Axudas a subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola mocidade

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 44 entidades galegas.

Tipo de actividades: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A implicación da mocidade vinculada con colectivos residentes no exterior na realización de proxectos creativos, formativos, de participación e de intercambio cultural. Isto facilita a integración dos mozos e mozas nas estruturas orgánicas das entidades galegas no exterior, propiciando a renovación xeracional.

**Medida 3. Axudas correspondentes ao programa de actividades de campamentos e campos de traballo**

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 340.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A participación da mocidade da Galicia exterior en actividades que facilitan o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares, co conseguinte enriquecemento persoal.

Medida 4. Escolas abertas presenciais 2012 destinadas a Comunidades Galegas no exterior

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 72.

Tipo de actividades: Formación.

Obxectivos acadados: A formación e a especialización das comunidades galegas do exterior e residentes galegos fóra de Galicia, en distintas temáticas: asociacionismo, xestión de asociacións, tecnoloxías da información, comunicación, gaita e baile tradicional, cursos de canto e pandeireta, mediante a realización de obradoiros e outras accións de carácter presencial.



galiciaaberta

Medida
Nova**Medida 5. Seminarios de Baile, música, actividades artesanais e cociña galega**

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 557.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A potenciación das costumes e tradicións galegas, así como o mantemento dos vínculos coa cultura de Galicia dos/as galegos/as que residen no exterior.





OBXECTIVO OPERATIVO 4

Contribuír e incentivar a formación da xente nova universitaria para completar e complementar os seus estudos

Medida 4. Axudas de carácter especial (ámbito universitario)

S. X. de Universidades (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 32.

Tipo de actividades: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A dotación dos recursos necesarios ao alumnado de ámbito universitario que ten unha necesidade urxente debido a causas sobrevidas e/ou imprevistas.

Medida 5. Premios fin de carreira

S.X. de Universidades (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 60.

Tipo de actividades: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: Incentivar a excelencia académica, premiando os mellores expedientes académicos do Sistema Universitario de Galicia.



**Medida
Nova****Medida 6: Premios de ESO ao esforzo e á superación persoal**

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 24.

Tipo de actividades: Outras (premios).

Obxectivos acadados: O recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado que rematou 4º da ESO nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia. Ase mesmo, refórzanse aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntase excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

**Medida
Nova****Medida 7: Premios extraordinarios**

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 1289 (351 na ESO, 721 no bacharelato e 217 en formación profesional).

Tipo de actividades: Outras (premios).

Obxectivos acadados: O recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado que remata a ESO, bacharelato ou estudos de formación profesional de grao superior nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso do alumnado de bacharelato e estudos de formación profesional, a obtención de estes premios dálles a posibilidade de concorrer a premios a nivel estatal.

**OBXECTIVO OPERATIVO 5**

Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación e métodos audiovisuais como complemento da formación formal e non formal da mocidade

Medida 3. Novas miradas, novos espectadores

Centro Galego de Artes da Imaxe



Persoas beneficiarias: 360.

Tipo de actividades: Actividades.

Obxectivos acadados: A formación de novos públicos a través da posta en valor de cinematografías relegadas dos circuítos comerciais.

Medida 4. Programa E-Twinning

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 189.

Tipo de actividades: Formación.

Obxectivos acadados: O intercambio de ideas e o traballo de colaboración entre profesores e alumnos/as de distintos países, a través das TIC. Para elo, desenvólvese un traballo en rede a nivel europeo, a través da realización de obradoiros de desenvolvemento profesional, encontros didácticos, grupos eTwinning e actividades de formación que facilitan a adquisición de competencias na colaboración europea empregando as novas tecnoloxías. Así como, a oferta de espazos virtuais de formación, traballo conxunto e de debate entre os diferentes docentes.



**Medida 5. Observatorio da sociedade da información e modernización de Galicia**Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia
(Presidencia)

Persoas beneficiarias: 1692.

Tipo de actividades: Estudos.

Obxectivos acadados: O coñecemento da situación e a evolución do equipamento e uso das TIC na mocidade galega, a través da realización de enquisas e diagnóstico sobre a Sociedade da Información nos fogares galegos correspondentes ao ano 2011.

Medida
Nova**Medida 6. Cine en curso**

Centro Galego de Artes da Imaxe

Persoas beneficiarias: 259.

Tipo de actividades: Formación.

Obxectivos acadados: A formación de novos públicos a través do cine. Para elo, elaborouse unha programación cinematográfica na que se incluíu formación a docentes e obradoiros nas escolas.

Medida
Nova**Medida 7. Fotografía en curso**

Centro Galego de Artes da Imaxe

Persoas beneficiarias: 943.

Tipo de actividades: Formación.

Obxectivos acadados: A formación de novos públicos a través da fotografía. Para elo, creouse unha páxina web e programouse actividades formativas para docentes e obradoiros nas escolas.

**OBXECTIVO OPERATIVO 6**

Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas diferentes actuacións educativas e nas actividades de lecer

Medida 1. Dinamización do compromiso coa igualdade entre mulleres e homes

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 63 concellos realizaron actividades de dinamización e compromiso coa igualdade e 38 concellos realizaron actuacións de prevención da violencia de xénero.

Tipo de actividades: Axudas e/ou subvencións .

Obxectivos acadados: A sensibilización para o desenvolvemento de actitudes de igualdade de mulleres e homes entre a poboación moza.

Medida 2. Programa de información e asesoramento ás mulleres

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 7719.

Tipo de actividades: Axudas e/ou subvencións .

Obxectivos acadados: O mantemento de 71 centros de información á muller (CIM) existentes en Galicia. Estes centros prestan ás mulleres mozas servizos necesarios como información, apoio psicolóxico e asesoramento xurídico, a través da atención personalizada, actividades divulgativas, campañas informativas e a posta en marcha de diferentes obradoiros de igualdade de xénero.



Medida 3. 13ª Foro Galego educando na igualdade

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)



Persoas beneficiarias: 177.

Tipo de actividades: Xornadas.

Obxectivos acadados: A introdución da perspectiva de xénero na orientación profesional de mozos/as. Tratáronse temas como a educación na igualdade, orientación, titoría e construción da identidade libre e estereotipos de xénero.

Medida 6. Obradoiros de paternidade responsable

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 21.

Tipo de actividades: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A sensibilización para o desenvolvemento de actitudes de igualdade entre mulleres e homes nas relacións de parella.

Medida 7. “Os roles de xénero nas cancións de amor”

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 450.

Tipo de actividades: Campaña.

Obxectivos acadados: A prevención e sensibilización contra a violencia de xénero.



Medida 8. Exposición cartas de amor

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)



Persoas beneficiarias: 1200.

Tipo de actividades: Campaña.

Obxectivos acadados: A sensibilización da mocidade galega para a eliminación da violencia de xénero, educando aos/ás mais novos/as en valores como a igualdade entre mulleres e homes ou o rexeitamento aos comportamentos violentos.

Medida Nova

Medida 9. Xogamos en igualdade. Vilagarcía Basket Cup

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 1000.

Tipo de actividades: Formación.

Obxectivos acadados: A formación de monitorado en valores de igualdade, a través de actividades e xogos onde se fomenta a igualdade.

Medida Nova

Medida 10. Curso de xénero e novas masculinidades

Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 38.

Tipo de actividades: Formación.

Obxectivos acadados: A formación do alumnado universitario en materia de xénero.

**OBXECTIVO OPERATIVO 7**

Posibilitar unha oferta educativa, formativa e de lecer en lingua galega para a mocidade

Medida 1. Accións de potenciación do uso da lingua galega entre a mocidade como garantía de cohesión social e de integración da xente nova

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 100.000.

Tipo de actividades: Obradoiros, concertos, xincanas, representacións teatrais, actividades virtuais e cursos de formación en lingua galega para persoas estranxeiras.

Obxectivos acadados: A promoción do uso do galego entre a mocidade dende os centros educativos (equipos de dinamización da lingua galega), a través do desenvolvemento de diversas accións formativas e lúdicas.

Medida 2. Accións de fomento e reforzo da competencia en lingua galega dirixidas á mocidade, así como actitudes favorables ao seu uso

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 2100.

Tipo de actividades: Cursos presenciais e en liña de aprendizaxe da lingua galega e cursos de verán de lingua e cultura para persoas estranxeiras.

Obxectivos acadados: O coñecemento da lingua galega, a través do desenvolvemento de cursos preparatorios para as probas de acreditación do certificado de lingua galega (Celga) nos diferentes niveis e cursos de verán de lingua e cultura galegas desenvolvidos en colaboración coa Real Academia Galega e as universidades de Santiago de Compostela e A Coruña.



**Medida 3. Accións de dinamización do uso da lingua galega entre a mocidade e favorecendo os espazos de lecer en galego**

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 20.000.

Tipo de actividades: Obradoiros, concertos, concursos, xincanas, representacións teatrais e actividades virtuais.

Obxectivos acadados: A dinamización do uso da lingua entre a mocidade, a través do desenvolvemento de 150 actividades de dinamización da lingua galega dirixidas á mocidade, no marco do programa de dinamización lingüística FalaRedes e de 73 actividades de promoción da transmisión interxeneracional do galego nas familias novas con bebés, no marco do programa de dinamización lingüística Os Axóuxeres.

**Medida 4. Apoio a creación de produtos e recursos en galego de interese para a mocidade**

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 120.000.

Tipo de actividades: Campañas (material de divulgación e de aprendizaxe da lingua).

Obxectivos acadados: O apoio a creación de produtos e recursos en galego destinados á mocidade. As actuacións concretas que se levaron a cabo foron un concurso-exposición de secundaria e guía didáctica Valentín Paz-Andrade (con motivo das Letras galegas), edición de publicacións e recursos no marco do programa FalaRedes (destinado aos concellos da Rede de Dinamización Lingüística).





Medida 5. Programa de dinamización lingüística O Galego campa, dirixido aos campamentos de verán da Xunta de Galicia en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 4750.

Tipo de actividades: Publicacións e formación.

Tivo lugar unha xornada de formación para os/as directores/as de campamento e editáronse distintos materiais (fichas de traballo nos campamentos e o cd Desaparafusador de gominola) que foron distribuídos nos campamentos xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Obxectivos acadados: O desenvolvemento de actividades lúdicas en lingua galega no contexto dos campamentos de verán, así como a promoción da presenza da lingua facilitando ao monitorado recursos e dinámicas de grupo en galego.

Medida
Nova



Medida 6. Certame de mensaxes de amor na rede dirixido a mocidade co motivo do 17 de maio

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 1300.

Tipo de actividades: Campaña.

Obxectivos acadados: O incremento da percepción do galego como unha lingua útil para os momentos de lecer e diversión, dinamizando o uso da lingua galega na mocidade, nas súas relacións persoais e nas TIC.

*Esta actuación púxose en marcha en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (www.xunta.es/linguagalega/linguadenamorar).



Medida
Nova**Medida 7. Redecinema**

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 8000.

Tipo de actividades: Actividades.

Obxectivos acadados: O achegamento á mocidade dunha oferta de cinema galego e en galego, por medio da proxección do filme “Vilamor”. O cinema proxectouse en 42 concellos pertencentes a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia. www.xunta.es/linguagalega/redecinema.

Medida
Nova**Medida 8. Programa “Nadal en rede”**

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Persoas beneficiarias: 9 concellos pertencentes a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia.

Tipo de actividades: Actividades.

Obxectivos acadados: Por a disposición da mocidade galega actividades e recursos para festexar o Nadal en galego (material dixital recompilatorio de cantos de Nadal, portais electrónicos en galego e guía de agasallos con produtos galegos e en galego). www.xunta.es/linguagalega/nadal_en_rede.

Medida
Nova**Medida 9. Programa “Monólogos de serán”**

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 1000.

Tipo de actividades: Actividades.



Obxectivos acadados: A visualización da lingua galega nas entidades pertencentes a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia; a través da activación do seu uso entre a mocidade, a sensibilización social a favor do galego, a dinamización en lugares abertos e públicos, a potenciación de artistas e dinamizadores galegos e a incorporación do galego na programación das actividades estivais realizadas nos concellos. www.xunta.es/linguagalega/monologos_seran.

**OBXECTIVO OPERATIVO 8**

Programar e poñer en marcha diferentes actuacións e actividades relacionadas coa transversalidade na educación, como pode ser a prevención de riscos, sensibilización ambiental, educación para o consumo, prevención do fracaso escolar.

Medida 1. Escola de Prevención de Riscos Laborais

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)



Persoas beneficiarias: 405.

Tipo de actividades: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A integración da prevención no día a día dos mozos e mozas, co fin de que se conviryan en transmisores da cultura preventiva entre os seus achegados. Para elo, lévanse a cabo actividades itinerantes de carácter didáctico.

Medida 2. Axenda 21 escolar de Galicia

Instituto de Estudos do Territorio (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 520.

Tipo de actividades: Xornadas (realización de tres xuntanzas).

Obxectivos acadados: O fomento do traballo en equipo da mocidade e a aprendizaxe en participación democrática motivado pola sensibilización ambiental. Da mesma maneira, desenvolvéronse capacidades de iniciativa e traballo en equipo a través de accións de mellora do entorno (por exemplo: redución do consumo de enerxía, auga, redución de lixo, valorización da paisaxe...

[Axenda 21 escolar de Galicia](#)

**Medida 5. Premios cooperativismo no ensino**

Consello Galego de Cooperativas

Persoas beneficiarias: 1240.

Tipo de actividade: Outros (premios).

Obxectivos acadados: A realización de actividades de divulgación e promoción do cooperativismo no ámbito dos centros educativos.

Medida 6. Programa Portos Xacobeos

Consellería do Medio Rural e do Mar e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Persoas beneficiarias: 1684.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: O acceso a formación para obter as titulacións e certificacións profesionais náutico-pesqueiras

Medida 10. Meteoescolas

MeteoGalicia. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

Persoas beneficiarias: 31 centros educativos.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A concienciación sobre o medioambiente na mocidade mediante a formación metereolóxica educativa e a recopilación de datos emitidos polo instrumental meteorolóxico instalados nos centros educativos e a súa posterior análise.





Medida 11. Campaña de Información e Concienciación sobre a recollida selectiva e reciclaxe en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
(Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

*Sustitue a medida inicial de Xornadas informativas en campamentos-campaña de recollida selectiva en praias.



Persoas beneficiarias: 1500.

Tipo de actividade: Campañas (Información e concienciación)

Obxectivos acadados: O impulso de boas prácticas de consumo e a correcta clasificación dos residuos xerados nos fogares. Para elo leváronse a cabo sesións teórico-prácticas en centros educativos e xornadas informativas na rúa.

Medida 12. Mergullándose nas illas atlánticas

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 1055.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O achegamento aos valores do Parque Nacional das illas, a través de dinámicas de educación ambiental nos centros educativos e visitas ao Parque Nacional.

Medida 13. Rutas nas illas

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)



Persoas beneficiarias: 2715.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O achegamento aos valores do Parque á cidadanía en xeral, e á mocidade en particular, a través da realización de rutas guiadas nos distintos arquipélagos por parte dun equipo de guías-intérpretes do Parque Nacional.

**Medida 14. Integrándonos nas illas**

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 250.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A difusión dos valores do parque entre os colectivos de difícil inserción na sociedade, mediante a realización de charlas informativas á chegada á illa adaptadas ás peculiaridades de cada colectivo. Esta actividade fíxose en colaboración con “Solidarios Anónimos”.

Medida 15. Exposición sobre metereoloxía

MeteoGalicia. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 36 Institutos de Educación Secundaria.

Tipo de actividade: Actividades (exposicións).

Obxectivos acadados: A formación meteorolóxica a través dunha exposición que contén as seguintes áreas: Clima e tempo non son o mesmo, Onde a terra manda no aire, Tempo e lingua, O clima do pasado, Magnitudes I e II, As nubes, Mapas do tempo, Observación do tempo, Meteoroloxía extrema e Predición meteorolóxica.

**Medida 16: Coñece as illas atlánticas**

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 407.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O achegamento aos valores do Parque Nacional no alumnado da ESO. Houbo diferentes charlas nas que se realizaron dinámicas de ecosistemas, proxección de vídeo divulgativo sobre fondos mariños do Parque, dinámica de impactos e un concurso no que os/as gañadores/as visitaron unha illa do parque.

**Medida 17. Actividades solicitadas ao Parque Nacional**

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 198.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A difusión do Parque Nacional e os seus valores mediante a realización de actividades concertadas con grupos organizados a través do formulario de solicitude correspondente (rutas, charlas, exposicións...).

Medida 18. Apoio de actividades especiais

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 79.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O coñecemento do Parque Nacional por parte dos informadores e guías turísticas para unha mellor difusión e divulgación do mesmo, mediante a realización de charlas divulgativas sobre valores do parque e visita á unha illa.

Medida 19. Obradoiros e exposicións fronte ao cambio climático (SOSTendo: obradoiros fronte ao cambio climático e O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción)

MeteoGalicia. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)



Persoas beneficiarias: 863.

Tipo de actividade: Formación (realización de 22 actuacións).

Obxectivos acadados: A sensibilización da poboación sobre o impacto ao longo da historia da especie humana sobre o planeta.



Medida 20: Curso de formación de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Persoas beneficiarias: 30.

Tipo de actividade: Formación.

A realización dun curso básico de prevención de riscos laborais de 60 horas, que corresponde ao contido mínimo do programa de formación para o desempeño das funcións de nivel básico, establecido no anexo IV-A do Regulamento dos servizos de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre.

Obxectivos acadados: A formación en coñecementos básicos necesarios no eido da prevención de riscos laborais para a xestión da prevención nas actividades de tempo libre.



**OBXECTIVO OPERATIVO 9**

Fomentar entre a mocidade a continuidade dos seus estudos a través de cursos de especialización ou formación profesional para facilitar o achegamento ao mundo laboral

Medida 1. I Campionato galego de formación profesional Galicia Skills

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
(Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 2542.

Tipo de actividade: Outras.



Realización dunha competición entre os centros educativos de formación profesional de Galicia nas seguintes especialidades: peiteado, deseño web, PC e soporte de rede, pintura de vehículos, reparación de carrozarías de vehículos, tecnoloxía de automóbil, cociña, tecnoloxía de moda, coidados de beleza, ebanistería, carpintaría e servizos de restaurante e bar.

Obxectivos acadados: A posta en valor da calidade e do atractivo dos estudos de formación profesional, a motivación do alumnado destas ensinanzas, e o estímulo e recoñecemento do labor do profesorado, así como a potenciación das relacións entre os centros onde se imparten os ciclos formativos e as empresas dos respectivos sectores produtivos.

Medida 6. Xornadas portas abertas

Consellería do Medio Rural e do Mar

Persoas beneficiarias: 1150.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A divulgación da oferta formativa dos centros educativos da Consellería do Mar, a través de charlas formativas e visitas guiadas aos centros educativos.

**OBXECTIVO OPERATIVO 10**

Fomentar entre a mocidade galega o coñecemento de idiomas, coa finalidade de que o alumnado adquira unha competencia plurilingüe e destrezas comunicativas interculturais

Medida 1. Axudas dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A aprendizaxe de idiomas estranxeiros, incrementando as oportunidades dos mozos e mozas, a través de estadias do alumnado tanto no estado como no estranxeiro.

Medida 2. Plan de seccións bilingües

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 23.128.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: O reforzo da aprendizaxe da lingua estranxeira, a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área, materia ou módulo en que se desenvolve, así como a adquisición da terminoloxía específica.

**Medida 3. Programa Cuale**

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación)

Persoas beneficiarias: 736 centros (36 centros novos). *dato provisional

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: O fomento do plurilingüismo, a través da realización de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos.

**Medida 4. Centros plurilingües**

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 2564 (39 centros novos). *dato provisional

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A creación dunha rede de centros plurilingües, co fomento da competencia lingüística correspondente, que foron seleccionados para impartir nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas.

Medida 5. Auxiliares de conversa

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación)

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe de idiomas, a través do apoio do persoal estranxeiro nos diferentes centros educativos..



**OBXECTIVO OPERATIVO 11**

Promover a modernización da educación formal a través da integración das TIC na práctica educativa

Medida 1. Proxecto Abalar

D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)



Persoas beneficiarias: 14.500.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: O aproveitamento dos recursos, a coordinación e o impulso dun cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino que suporá a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

Medida
Nova**Medida 2. Programa de voluntariado dixital**

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Presidencia) e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Persoas beneficiarias: 220.

Tipo de actividade: Outras (voluntariado).

Obxectivos acadados: A incorporación das novas tecnoloxías á vida cotiá da cidadanía galega, a través da colaboración e compromiso de persoas mozas voluntarias.

